



DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL  
ADMINISTRADOR DIOCESANO  
Domus Ecclesiae - Miramar, s/n - 15401 Ferrol  
*administradordiocesano@mondonedoferrol.org*

## **Alegrémonos no Señor...**

Benqueridos irmáns e irmás da nosa diocese de Mondoñedo-Ferrol:

Diríxome novamente a todos vós como administrador diocesano e no nome do Colexio de Consultores para transmitirvos a boa nova de que o papa Francisco ven de nomear bispo da nosa diocese ao sacerdote burgalés Fernando García Cadiñanos, na actualidade vicario xeral da arquidiocese de Burgos.

Durante estes meses estivemos a pedirlle ao Señor que nos mandara un Pastor segundo o seu corazón, tras a marcha a León do noso querido pai Luis Ángel, que deixou entre nós unha forte pegada e un moi grato recordo. Agora xa temos pastor que nos presidirá no nome do Bo Pastor, con quen queremos facer camiño. A súa toma de posesión e ordenación está prevista para o vindeiro día catro de setembro na nosa catedral de Mondoñedo.

Dámoslle grazas a Deus que nos bendí unha vez máis; agradecemoslle ao papa Francisco este nomeamento feito tan axiña, que nos vai axudar a entrar nesa dinámica sinodal á que invita a toda a Igrexa. Con el e con todo o pobo de Deus botaremos a andar, abríndonos aos vieiros novos polos que nos vaia levando o Espírito neste momento que nos toca vivir.

Acollamos ao novo bispo con esperanza e ilusión. Con el faremos camiño, unas veces irá diante, marcándonos retos; outras veces irá detrás, alentando os nosos folgos, e outras moitas, ao noso carón, como irmán, compartindo a nosa vocación común de discípulos misioneiros que queren construír o Reino do que nos fala o Pastor.

Estou seguro que desde hoxe conta coa nosa oración constante e fraterna, coa nosa dispoñibilidade e colaboración para seguir transformando a nosa Igrexa particular nese “hospital de campaña” ao que nos invita o papa Francisco.

D. Fernando, benvido a esta Igrexa de Mondoñedo-Ferrol e a esta terra que o acolle. Toda esta diocese alégrase no Señor e dá grazas. Benvido a casa!

Mondoñedo-Ferrol, 1 de xullo de 2021

Antonio Valín Valdés  
Administrador diocesano de Mondoñedo-Ferrol



DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL  
ADMINISTRADOR DIOCESANO  
Domus Ecclesiae - Miramar, s/n - 15401 Ferrol  
*administradordiocesano@mondonedoferrol.org*

## **Alegrémonos en el Señor...**

Queridos hermanos y hermanas de nuestra diócesis de Mondoñedo-Ferrol:

Me dirijo a todos vosotros como administrador diocesano y en el nombre del Colegio de Consultores para transmitir la buena noticia de que el papa Francisco ha nombrado obispo de nuestra diócesis al sacerdote burgalés Fernando García Cadiñanos, en la actualidad vicario general de la archidiócesis de Burgos.

Durante estos meses, hemos pedido al Señor que nos mandara un pastor según su corazón, tras la marcha a León de nuestro querido padre Luis Ángel, que dejó entre nosotros una profunda huella y un muy grato recuerdo. Ahora, ya tenemos pastor que nos presidirá en el nombre del Buen Pastor, con quien queremos hacer camino. Su toma de posesión y ordenación está prevista para el próximo día cuatro de septiembre en nuestra catedral de Mondoñedo.

Damos gracias a Dios que nos bendice una vez más; agradecemos al papa Francisco este nombramiento hecho con tanta premura, que nos ayudará a entrar en esa dinámica sinodal a la que invita a toda la Iglesia. Con él y con todo el pueblo de Dios echaremos a andar, abriéndonos a los nuevos senderos por los que nos vaya llevando el Espíritu en este momento que nos toca vivir.

Acojamos al nuevo obispo con esperanza e ilusión. Con él haremos camino; unas veces irá delante, marcándonos retos; otras veces irá detrás, animándonos; y otras muchas, a nuestro lado, como hermano, compartiendo nuestra vocación común de discípulos misioneros que quieren construir el Reino del que nos habla el Pastor.

Estoy seguro que desde hoy mismo cuenta con nuestra oración constante y fraterna, con nuestra disponibilidad y colaboración para seguir transformando nuestra Iglesia particular en ese “hospital de campaña” al que nos invita el papa Francisco.

Don Fernando, bienvenido a esta Iglesia de Mondoñedo-Ferrol y a esta tierra que lo acoge. Toda esta diócesis se alegra en el Señor y da gracias. ¡Bienvenido a casa!

Mondoñedo-Ferrol, 1 de julio de 2021

Antonio Valín Valdés  
Administrador diocesano de Mondoñedo-Ferrol